

IXP CASTAÑA DE GALICIA

Instrucións para a inscrición no REXISTRO DE PRODUTORES E PLANTACIÓNS

Para a inscrición no Rexistro de Produtores e Plantacións é necesario cumprimentar unha **solicitudude de inscrición** e aportar unha serie de **documentación**.

No punto 3 indícase como e onde levar a cabo a **presentación da solicitudude de inscrición e documentación**.

1.- Solicitudude de inscrición:

A solicitudude consta de dúas páxinas, cunha serie de puntos numerados do 1 ata o 5 que debe cumprimentar o solicitante, así como un recadro no que deberá **asinar** anotando a data e o lugar.

Os apartados que presentan **fondo gris** cumprimentaraos o AGACAL.

a) Páxina 1 de 3 da solicitudude:

Marcarán cun X no cadro de **Inscrición** cando se trate dunha inscrición nova no rexistro correspondente ou marcarán cun X no cadro **Modificación de datos** cando se trate dunha ampliación, cambio de datos, etc, dun rexistro de produtores e plantacións.

Cumprimentarán o punto 1, relativo aos **datos persoais ou razón social do titular da explotación** anotando os datos correspondentes en cada un dos cadros.

Cumprimentarán o punto 2, relativo á **documentación aportada** marcando cun X os cadros dos que aporten a documentación. No caso de aportar algún documento que non conste na lista, deberán marcar cun X o cadro de **outros documentos** indicando o tipo de documento achegado.

b) Páxina 2 de 3 da solicitudude:

Cumprimentarán o punto 3, relativo a **identificación SIXPAC das parcelas a rexistrar**: indicando o respectivo código numérico correspondente á **Provincia, Concello, Zona, Polígono, Parcela e Recinto**:

- **Recinto**: Anotarán o/s número/s dos recintos que inscriban. No caso de inscribir a parcela completa non será necesario anotar os recintos.
- **Superficie (m²)**: indicarán a superficie da parcela ou do/s recinto/s a inscribir en metros

IXP CASTAÑA DE GALICIA

cadros; o dato a anotar será o que figure na identificación sixpac.

c) Páxina 3 de 3 da solicitude:

Cumprimentarán o punto 4, relativo aos **datos dos soutos**:

- **Nome Plantación:** nome co que identifican o souto.
- **Nº parcelas rexistradas:** Anotarán o número da parcela adxudicado no apartado 3. (Ex. Parcela 1, 2, 3,...).
- **Tipo plantación:**
 - a) *Regular:* marcarase cun X cando haxa un marco de plantación.
 - b) *Irregular:* marcarase cun X cando se trate de soutos sen marco de plantación, plantados de xeito desigual ou variable.
- **Nº pés produtivos / Idade dos castiñeiros (anos):** anotarase na columna que corresponda o número de pés (castiñeiros) comprendidos nese intervalo de idade.
- **Marco de plantación:** Só se cumprimentará no caso de tratarse dunha plantación regular. Anotarase a distancia en metros entre as árbores na mesma liña e entre liñas.

Indicarase a produción media anual de castaña que ten previsto o produtor comercializar baixo o amparo da IXP Castaña de Galicia.

Cumprimentarán o punto 5 relativo ao **local de almacenamento do produto**. Marcarán cun X no cadro que corresponda á pregunta de se realizan almacenamento de castañas nas instalacións, no caso de que a resposta sexa afirmativa cumprimentarán o cadro relativos ao **endereço** do almacén.

No seguinte recadro que figura na solicitude de inscrición, o solicitante anotará data e lugar e asinará a solicitude.

2.- Relación da documentación a aportar:

- Fotocopia do DNI (cando o titular da explotación sexa unha persoa física)
- Fotocopia do NIF (cando o titular da explotación sexa unha razón social)
- Documento acreditativo do representante da razón social (no caso de tratarse dunha persoa xurídica deben aportar copia do documento que autoriza ao dito representante a actuar como tal na sociedade)
- Outros documentos (no caso de achegarse outro documento indicar cal)

IXP CASTAÑA DE GALICIA

3.- Presentación das solicitudes e resolución de dúbidas:

- Pódense entregar en persoa ou envialos:
 - Na secretaría do Consello Regulador da IXP Castaña de Galicia ou na Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)
 - Ou polos medios que establece o artigo 16, punto 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas (BOE nº 236, de 02/10/2015)

- Para a resolución de calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición e/ou certificación contacten con:
 - Secretaría do Consello Regulador da IXP Castaña de Galicia
Rúa da Muíña, n.º 58 baixo
15703 Santiago de Compostela, A Coruña
Teléfono: **981 554 537**
Fax: **981 571 273**
Correo electrónico: ***info@castanadegalicia.org***

 - Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL)
Unidade de Protección da Calidade Diferencial
Avda. do Camiño Francés, nº10 baixo
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Teléfono: **881 997 279**
Fax: **981 546 676**
Correo electrónico: ***agacal.certificacion@xunta.gal***